

NORMAS DA SECCIÓN DE TRIATLON DO CENTRO GALEGO DE TECNIFICACIÓN

As presentes normas teñen por obxecto rexer a convivencia e organización federativa na sección de triatlón da FEGATRI no CGTD; facilitando a organización e colaboración entre federación e clubs para o bo desenvolvemento deportivo das persoas deportistas pertencentes á sección, na súa maioría menores de idade.

OBRIGAS E DEBERES:

1. COMPETICIÓNS:

- Asistir ás competicións, concentracións ou calquera outro evento marcado pola Federación en consenso co club do-a deportista.
- Como norma xeral, os/as deportistas deberán asistir de forma obrigatoria a:
 - Campionatos galegos de tódalas modalidades recollidas por esta Federación coas súas probas clasificatorias se procede.
 - Concentración de Semana Santa e outras propostas ó longo do curso dependendo do calendario de competicións.
 - Campionatos de España .

- Todas aquelas competicións na medida en que sexan consideradas relevantes (por parte do persoal técnico da FEGATRI en consenso co club) para a preparación do/a deportista.

- Non está permitido asistir a ningún tipo de competición sen o visto bo dos técnicos responsables da FEGATRI e o club do-a deportista.
- O/A deportista comprométese nos períodos de non permanencia no CGTD a adestrar co seu club e manter o seu estado de forma ata final de tempada ou no seu defecto ata a competición marcada pola FEGATRI e o seu club, seguindo as pautas marcadas polos adestradores en coordinación cos adestradores do seu club.

2. ADESTRAMENTOS:

- Será obriga do/a deportista chegar con antelación suficiente ós adestramentos para ter preparado o material necesario á hora marcada polo persoal técnico.

- Calquera falta de asistencia a un adestramento deberá de ser comunicada con antelación ó adestrador e ter o seu visto bo.

3. INDUMENTARIA:

- Revisar o estado do material entregado nos primeiros días de curso, comunicando calquera problema que se detecte no mesmo.
- O material facilitado é de uso persoal e intransferible, sendo responsable cada deportista da súa custodia e coidado ata o día que sexa devolto, ou remate a súa pertenza á sección.
- Asistir ás competicións nas que participe en representación da FEGATRI, coa indumentaria correspondente (tritraxe, chándal, camiseta, bermudas ...) non estando permitido o seu uso en outro ámbito que non sexa este tipo de competicións, o CGTD ou actos de representación federativa nos que será sempre obrigatorio usar a súa imaxe. Naquelas competicións nas que participe representando ao seu club acudirá coa indumentaria deste.
- Responsabilizarse e coidar todo o material cedido para os seus adestramentos, incluso repoñéndoo de ser o caso.

4. LICENCIAS:

5. Tódolos/as deportistas deberán de ter licenza en vigor dende o 1º día de xaneiro, sendo unicamente a súa responsabilidade ou da súa persoa titora que esta sexa tramitada en tempo e forma a través do seu club.

- Non está permitido tramitar ningunha licenza doutra modalidade deportiva sen previo consentimento do equipo técnico da Federación (a persoa deportista ou a súa persoa titora deberá solicitar á Dirección Deportiva a súa conformidade).

6. OUTROS:

- Manter hábitos saudables tanto durante o tempo de permanencia no CGTD coma nos períodos festivos ou de vacacións.
- Respetar escrupulosamente as normas de réxime interno do CGTD.
- Levar o curso académico con esmero e suficiencia.
- Unha persoa interna, en ningún caso, poderá pasar a ser externa no transcurso dunha mesma tempada. No caso de tomar esa decisión unilateral, causará baixa na sección.

A Federación e o seu equipo técnico están a disposición dos-as deportistas, as súas persoas titoras e os seus clubs para calquera dúbida ou aclaración.

*** Estas obrigas complementan as normas marcadas polo CGTD en canto a dereitos e deberes dos/as deportistas e non eximen da aplicación das normas do Comité de Disciplina da FEGATRI.**

As desobediencias destas normas (unha ou varias) poderán levar á baixa no CGTD a través da coordinación Federativa coa dirección do CGTD.

O/A DEPORTISTA RECIBE O PRESENTE ESCRITO E COMPROMÉTESE A CUMPRIR COAS NORMAS ESTABLECIDAS DURANTE O DISFRUTE DA SÚA BECA NA SECCIÓN DE TRIATLON DO CGTD.

Vº Bº

Asdo. _____
O/a Deportista

Asdo. _____
A persoa titora do/a menor